

Durante os meses de outubro e novembro, a localidade de Verín acollerá a segunda edición do *Ciclo Músicas Raianas*, promovido polo Concello de Verín coa colaboración económica da Consellería de Cultura e Turismo, e que ten como obxectivo a difusión da música que se está realizando no espazo da Eurocidade Chaves-Verín.

Cada sábado de outubro ás oito da tarde na Casa da Cultura de Verín terá lugar un espectáculo musical con entrada libre. Mañá actuará o grupo verinense Brixel, que presentará un espectáculo de música tradicional, con cantos, melodías e danzas recollidas na comarcas ourensás de Monterrei, a Limia e Conso-Frieiras. O vindeiro sábado día 10 será o grupo de Chaves Bossa Antiga

o que nos traerá un espectáculo de fusión de bossa nova e jazz. O sábado día 17, como sempre as oito da tarde, o cuarteto

Rock de Cámara

presentará os peculiares arranxos que fai o grupo para instrumentos de corda frotada de músicas de cine, éxitos da música pop, temas folclóricos e temas famosos da música disco actual. Xa o día 24 será o trío flaviense

Mi Torga

, que lidera a fadista Teresa Ventura, o que nos ofrezca un espectáculo de fados clásicos e poemas de Miguel Torga levados ao fado polo grupo. Para rematar as actuacións que se programan no mes de novembro, e para pechar as que terán por escenario a Casa da Cultura, o dúo

Latin Dream

, formado por unha cantante luso-francesa e por un pianista e guitarrista cubano, e o guitarrista José Manuel Salgado, de Verín, presentarán un concerto cheo de variedades estilísticas, rítmicas, melódicas e harmónicas; unha ensalada musical na que percorrerán desde as músicas máis solemnes e anergas até versións dos temas máis coñecidos e alegres da actualidade.

Para pechar a edición 2009 de *Músicas Raianas*, o domingo día 8, como todas as actuacións anteriores ás oito da tarde, aínda que neste caso na igrexa da Mercé, actuarán o

Coral de Chaves

e o

Coral de Verín

. O Coral de Chaves nunca actuou en Verín dirixido polo Nuno Costa, que se fixo cargo da dirección en outubro do ano 2007.

*Músicas Raianas* naceu coa intención de divulgar as experiencias musicais máis interesantes que se están a desenvolver no ámbito da música popular na Eurocidade Chaves-Verín, baixo o criterio de programación de presentar o mesmo número de grupos de Chaves e de Verín, en concertos en solitario ou conxuntos. Unha iniciativa que pretende crear a primeira estrutura de

programación musical estábel entre Chaves e Verín, vínculos entre os artistas de Verín e de Chaves, coa intención de que coñezan uns e outros o que se fai a 25 quilómetros de distancia, e de que poidan xurdir proxectos nun futuro próximo nos que participen conxuntamente músicos de aquí e de alí.